REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS

IRIMIA

Fun forasteiro e acolléstesme

ANO XXXV • Nº 946 - Do 23 de maio ao 5 de xuño de 2016

Brasil. A sombra dun estraño golpe



A foto que fala



Kandahar (Afganistán). Esquecidas de novo, mulleres vestidas con burka reciben axuda alimenticia.

O trasno

Boas novas desde "Vivimos no rural"

Daniel López Muñoz



Como son máis ben escasas as ocasións, velaí vos vai: se queredes boas novas, boas "vibracións", saber de iniciativas xeitosas, comer rico e partillado, botar unhas cantigas e coñecer unha Galicia cos pés e as mans na terra... aí están os encontros como o que acaba de organizar o grupo de "Vivimos no rural", en Vilardevós, na raia seca. Cousa bonita.

É un encontro anual para que xentes de diferentes territorios rurais galegos se dean unha grande aperta, se pregunten como vai todo e se conten as cousas lindas que se están levando adiante nas aldeas e viliñas de Galicia. Todo para escorrentar tanta negra sombra que os tecnócratas e modernos botan enriba do futuro da vida e cultura rural de Galicia.

Da man de Pepe Paz e Tamara Balboa, do Centro de Desenvolvemento rural "Portas Abertas" xuntámonos, logo, no Centro de Interpretación do Contrabando, mira ti, como para interpretar o contrabando desigual que a sociedade dominante fai coas comunidades rurais, detraendo os seus mellores recursos e pagando con exclusión, peche de servizos e unha imaxe de atraso e abandono.

Falouse e debateuse a maneira de empregar a internet para facer máis visible o rural invisible, creativo e potente que está aí marcando camiño. Xa funciona un facebook máis que chulo: https://www.facebook.com/vivimosnorural/; e tamén un blog: vivimosnorural.blogspot.com.

No encontro estivo contando a súa experiencia Xosé Luis Vaz, xerente de Biocoop, unha cooperativa dedicada á produción e venda de carne vacún de razas autóctonas (vienesa, cachena, limiá,...) que previamente foi "rescatando" do esquecemento e a extinción, razas que viven no sur de Galicia pascendo libremente dende tempos inmemoriais e que en palabras do Xosé Luís: "son auténticas brigadas de prevención de incendios forestais".

E na visita á Ánades Galicia, especializada en foi-gras, confit e xamón de pato (que catamos moi, moi a gusto) comprobouse como con creatividade, respecto e rigor, pódese poñer no mercado un produto natural e de alto valor. Para abrírmonos os ollos e o apetito.

Pois iso, que este país necesita boas novas e optimismo. Porque xa está ben de complexos e negras sombras.

Editorial

"A todas nos bautizaron nun único Espírito, para formarmos un único corpo" (1 Co 12,3)

En 1978, cando era elixido Karol Wojtyła coma Papa en Roma, a igrexa permitía por primeira vez o acceso das persoas de raza negra ao sacerdocio. Obviamente non estamos a falar da igrexa católica, senón da mormona, xa que tal realidade pareceríanos unha discriminación inadmisible. Con todo, a variación do cromosoma 23 do ser humano xustifica unha discriminación parecida: de ser xx queda vetada o acceso á orde sacerdotal das persoas, sendo só as persoas con cromosoma xy as que teñen aceso. A forza de non querer esaxerar, a igrexa católica perpetúa un auténtico apartheid, mais quen o sofren son as mulleres.

O papa dixo que sería unha boa idea estudar se na igrexa primitiva houbera diaconisas, para darlles unha posible canle niso. Unha boísima nova; aí está a bibliografía: si, houbo diaconisas, e presbíteras e apóstolas. Unha bomba mediática e emocional, cunha onda expansiva inmensa. A esperanza botou a andar coma unha tola por milleiros de corazóns. Logo falou Lombardi, o voceiro do Vaticano, desmentindo.

A Igrexa perpetúa un apartheid que sofren as mulleres

Pero a esperanza é mala de frear e o pobo de Deus artella esperanza con case nada, capaz como é de berrar as súas arelas de igualdade. E debemos facer mención especial a esas monxas que insistiron e preguntaron unha vez máis pola plena participación das mulleres na Igrexa.

Por un día, Francisco inventou unha variante da habitual resposta de que para as mulleres "esta porta está pechada". Quedará para a historia o sorriso desa muller a carón do papa; e o del, contaxiado. Agora a historia agarda cambios.

Sabemos ben das reticencias do corpo institucional a que as mulleres accedan á plena identidade bautismal, por iso é ben reivindicarmos que a dignidade regalóuselle ás mulleres no cenáculo, aquel día de Pentecoste, ao tempo ca aos homes; non toca pelexala. A voz do Materno Espírito soa limpa e clara coma un trono, con voz de xente que quere o seu.

Somos pobo experto en retrancas, tanto nos ten o que dixo ou non dixo o papa, entendemos o que non se di, que as necesidades do pobo hanse atender, porque iso é o que cómpre. A maior diaconía é coidar a vida, soster a chama viva nas mans, e pasala para que ninguén pase frío ás escuras. Aí imos desde o comezo e non cumpriu permiso de ninguén, nunca...

Rumores de esperanza

Xan Guillén



Estou moi desconectado do mundo, por iso hai cousas das que non me dou informado. Cando fago un descubrimento, penso onde estaría eu nestes anos. Estaba escoitando eu a radio e falaban do festival de Cans e falaron do grupo que compuxo unha canción para este festival. Trátase do grupo De vacas. Non os coñecía e corrín a investigar na internet. Vin moitos vídeos e a verdade é que soan moi ben. Son tres rapazas e un rapaz que fan divertidas e xeitosas versións de cancións coñecidas e novos temas. Nótase que o pasan ben cantando. Coñecéronse nunha historia que tamén é moi divertida, que é o coro da ra. Paga a pena que dediques uns minutos, entres en youtube e escoites tanto unha cousa como a outra. Música sobre todo en galego, con boas vibracións. Agradecerasmo.

Tamén recoñezo que estou desconcertado. O feito de que por fin volva xogar un partido a selección galega (a irmandiña), sorprendeume. Aínda lembro os meus rumores sobre ese tema hai máis de oito anos. Pensei que tardariamos moito tempo en ter un partido da selección galega e, sorprendentemente, volvemos a telo contra Venezuela. O desexo dalgúns xogadores galegos orgullosos de xogar coa súa selección levouse adiante. O resultado dá igual. O importante é a festa.

1



3



2



4



A peneira

1

O Galician Gourmet chega a Zurich o 27 na busca de alternativas no agro. Coren conxelou dous millóns de quilos de castaña para cebar PORCOS ao xeito tradicional, dobrando as 1000 toneladas do 2015. Mentres, Torre de Núñez vende o 25% do xamón curado que consomen no Xapón. No 2015 duplicou a exportación a outros catorce países.

2

Comeza a veda do POLBO ata o 1 de xullo para favorecer a súa reprodución; mentres, investigadores propoñen unha Área Mariña Protexida nas Illas Cíes onde poder desovar estes cefalópodos e acubillarse nas cavidades que hai alí. Emigrando de zonas océanicas, aínda larvas, instálanse neste hábitat preferencial.


3

O sector primario morre tamén no MARISQUEO pola falla de semente nos criadeiros, por exemplo de ameixas, que obriga a importar cinco veces máis da que está a producirse. É o que cómpre para fornecer a demanda do país, provocado polo furtivismo e a falla de saneamento. Aínda está a facerse a depuradora de Vigo e a de Ferrol non funciona.

4

A Exposición "Os traballos e os días" do cambadés LEIRO principiou a súa andadura en Abanca de Compostela, ata o 4, e mesmo convida a alongar a súa rota gozando da súa "Homenaxe a Castelao" na Carballeira de Santa Susana ou coa "Palabra" no aeroporto de Lavacolla. Todo ambientado co audiovisual "Sísifo confuso".

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

Ramón Cacabelos crea unha vacina preventiva contra o ALZHEIMER no Centro EuroEspes da Coruña, mentres Tomás Sobrino, primeiro pola dereita lidera un método con universidades europeas para tratar esta enfermidade dun xeito precoz con tecnoloxías de neuroimaxe. De 100.000 afectados por demencias neurovexetativas, o 40% padece alzheimer.

6

Mentres medran os sen teito, multiplícanse as CASAS baleiras, unhas trescentas mil, e 246.000 son só habitadas temporalmente coma segundas vivendas. Isto é un gasto diario non só a nivel particular, senón publico (traídas, alumeado, rúas…) que está a empobrecer o país. Para a mocidade unha casa para emanciparse é algo inalcanzable.

7

Dous mil moz@s deixan Galiza ao mes (120.000 en seis anos), e en 15 anos imos perder a cuarta parte. Dende o 2008 deixáronnos 25.395 menores de 34 anos. O 62% entre 16 e 34 anos viven cos pais, cun horizonte precario dun contrato-lixo, con sorte. O 12% son "NINNIN" ata os 24: nin traballan nin estudan.

8

OBAMA visita en Hiroshima as rexións devastadas polas bombas atómicas, cando o goberno de Xapón quere reactivar a actividade radioactiva, cinco anos despois da desfeita de Fukushima por un maremoto que contaminou o mar, polo menos para 300 anos. Alí, miles de persoas viven en barrancóns sen poder retornar á súa casa.

Política Salvar ao soldado Sánchez

Carlos Vázquez G.



Pedro Sánchez afirmou que a única forma de que o PP se poida rexenerar é que pase á oposición. Eu creo que non sería suficiente como non o foi para o propio PSOE. Refírome, claro está, non só á recuperación ética e política por teren caído na corrupción, senón tamén a superar a profunda deterioración política que sufriron os dous alternándose. Deberán ser os dous partidos os que sexan relevados da alternancia no poder para que se poidan rexenerar. Mentres a alternancia sexa inevitable será imposible calquera tipo de rexeneración ou profundo *aggiornamento* nas dúas formacións.

Mentres a alternancia sexa inevitable será imposible calquera rexeneración

O PSOE leva catro anos na oposición e todo o que fixo foi un mero e cativo relevo xeracional na secretaría xeral e arredores, sempre baixo a cautelosa tutela dos baróns e das vellas glorias. O fracaso deste relevo foi evidente no resultado das pasadas eleccións nas que perdeu o maior número de deputados na súa historia. Resultado que nin analizaron crítica e racionalmente nin parece que viran sequera, cegados por un pírrico segundo posto que mantiña a ficción da alternancia no horizonte. Foi a cegueira da alternancia a que presidiu a estratexia negociadora de Pedro Sánchez para formar goberno, que tamén rematou en rotundo fracaso. Tanto que ao remate da batalla, Pedro Sánchez, como o soldado Ryan, quedou tras as liñas inimigas, obrigando a un comando de vellas glorias, encabezado por Borrell, a acudir ao seu rescate.

Agora, no inicio desta campaña, a fervenza da alternancia, a piques de se converter en nostálxica, volve anubrar o cristalino dos socialistas que tentan dirixir os seus tiros cara a súa esquerda cando o inimigo ataca pola dereita. Un erro que pagarán moi caro de persistiren nel. Nestes momentos o esforzo do vello aparato socialista céntrase non tanto na supervivencia dun proxecto socialdemócrata, que foi perdendo perfil e hoxe resulta moi difícil de distinguir, canto na supervivencia do modelo bipartidista que lles permitiría exercer o poder aínda sen ter un proxecto propio, distinto e claramente alternativo. É dicir, corrupción política do propio proxecto partidario que está deixando orfos e desconcertados a tantos e tantos socialistas honorables e de boa fe. No caso socialista a súa renovación e rexeneración só será posible se se desfán da pantasma bipartidista, renuncian con claridade a este modelo e buscan alianzas na súa esquerda. Poida que teñan que atravesar algún deserto, pero de certo recuperarían o vigor da súa historia.

O peto común



Agora que o Barça gañou a liga, podo contalo. O día da Ascensión apareceu o bispo José Gea Escolano por Bergondo e quixo celebrar a misa maior. Como había moita rapazada do catecismo, a homilía foi "dialogada" con eles. D. José, apaixonado do fútbol, buscou un símil co deporte para que entendesen iso da Ascensión: *"Se Mesi lle marca un gol ao Real Madrid, que aparece no xornal? Mesi 1-Madrid 0?. "Nooon!"* –protestaron os peques, -aparece: *"Barça 1- Madrid 0!" "Moi ben!* -dixo o bispo- "E vós sabedes a quen lle marcou un gol Xesús?". Entón un pícaro berrou con todas as forzas: *"A Cristiano Ronaldo!!!"* O Bispo quería explicar que o trunfo de Xesús era tamén o triunfo do seu equipo, a Igrexa, sobre o gran contrincante: o Demo. A idea estaba ben, pero aos rapaces iso do demo quédalles un pouco lonxe e antigo. Semellaba máis ruín o Ronaldo.

Pasou polo mundo coma unha *florciña* de San Francisco, co pisar miúdo e apresurado e agasallaba palabras coma flores a quen atopaba no camiño. Levaba unha vella carteira de coiro da que saían regalos insospeitados: un queixo de Arzúa, unha botella de caña, uns chourizos, unhas rosquillas... Non deixaba de ser un misterio aquela carteira chea de papeis, novas, informes e comunicados compartindo espazo cuns saborosos chourizos de Lalín. As veces vestía de segredo, mudaba o hábito por unha gabardina de espía e un sombreiro deses de ganster das películas, mesmo parecía un axente do KGB. Seguro que ía resolver asuntos ben serios. Volvía logo ao pardo saial do santo de Asís e repartía sorrisos e bendicións. Cantos goles non lle marcaría aos demos na súa vida de entrega e amor a Galicia. Rematou a liga con moitos anos e case por despiste, mais na primeira división: a da xente de ben. Desde aquí despedímolo co seu saúdo de sempre, querido Pai Isorna: Paz e Ben!

O CARRABOUXO por Xosé Lois





Entrevista con Jakson Renner

Daniel Asorey



" A corrupción toma o poder no Brasil"

Ante a situación que vén vivindo Brasil nos últimos meses e que desembocou no proceso de destitución da presidenta Dilma Rousseff, quixemos coñecer de primeira man como se chegou a este punto e quen está detrás do que cada vez máis xente cualifica como golpe de estado. Por iso quixemos entrevistar a Jakson Renner, profesor da Universidade da Coruña. El é brasileiro, inmigrante na Galiza dende hai 12 anos. Activista social, nos últimos meses foi unha voz destacada dentro da xente brasileira no noso País, na loita pola democracia no Brasil. Jakson participou activamente na creación do colectivo Brasileg@s Contra O Golpe *que organizou un ciclo de mesas redondas e que aínda está para organizar máis eventos en contra do golpe en Brasil.*

Que é o que está sucedendo no Brasil?

Acaba de acontecer un golpe de estado. Desta volta non foron precisos os tanques nin os militares. Bastou que unha boa parte dos parlamentarios se viran imputados en procesos de corrupción, para que decidisen parar as investigacións da maneira máis radical: tirando a Dilma do poder, xa que foi durante o seu goberno cando se impulsaron de maneira decidida as investigacións contra a corrupción.

E a sociedade como respondeu?

Dividida: por un lado está a xente a favor da destitución da Presidenta Rousseff a calquera prezo, e polo outro, unha poboación que non está disposta a perder todos os progresos sociais que conquistaron nos últimos 13 anos.

Por que apartan a Dilma do poder?

Non porque cometese ningún crime de responsabilidade, senón coa escusa de que non soubo administrar ben o país durante os últimos anos da crise económica e política que estamos pasando alá. Dilma probou en Brasil que se pode ir sorteando esa crise que asola o mundo enteiro dende o 2008 sen facer recortes, sen cargar ao pobo o peso que o capital quere que cargue.

Entón, por que o impeachment?

En Brasil a prensa, tal cal na Galiza e en case todo o mundo, está para servir aos caprichos do capital, dos donos do mundo. Daquela, nós temos un potentísimo grupo mediático, a Rede Globo, que "mediotiza" a xente. De tantas veces que inventaron que Dilma estaba relacionada con casos de corrupción, a xente pasou a crer nesa mentira e vela coma unha corrupta máis, algo completamente falso. Dilma non ten unha única denuncia contra ela. E foi ela quen favoreceu as investigacións de casos de corrupción. Os medios aproveitaron o descontentamento dunha clase media elitista brasileira, clasista, branca, moitas veces racista e xenófoba, para dar un golpe con tintes democráticos. Non cometeu ningún delito: nin corrupción, nin desvío de diñeiro, nin compra de deputados, nin diñeiro en paraísos fiscais nin nada. Do que están acusando a Dilma é das "pedaladas fiscais".

> A prioridade foi democratizar a educación desde abaixo

E que significa iso?

As pedaladas son operacións de crédito que xa fixeran outros presidentes e gobernadores no Brasil. Son prácticas moi comúns na administración pública brasileira, ata mundial. Consisten en aumentar un período de tempo entre o fornecemento do servizo por parte dos bancos e o pagamento por parte do goberno. O máis grave é que esa mesma xente que agora acusa Dilma de "pedalar",

ou maquillar as contas públicas pedindo créditos complementarios, fixo iso antes. E moitas máis veces ca ela. Imaxina só, o ex presidente da dereita brasileira, Fernando Henrique Cardoso, só no ano 2001 abriu 100 créditos coma ese que agora é "crime de responsabilidade". Está difícil de entender o que está pasando en Brasil? Non si? (Risos).



Nas primeiras cinco horas de goberno vivimos un retroceso social de trinta anos

UN PARLAMENTO DE CORRUPTOS

Estamos ante unha moción de censura encuberta?

Rotundamente non. É un golpe de estado. No Brasil, a cidadanía elixe directamente a presidenta nunha votación totalmente diferente daqueloutra na que se elixe o Parlamento. Porén, os parlamentarios non poden destituír o Presidente que foi elixido directamente polo pobo. Constitucionalmente iso só podería acontecer cando existan delitos de responsabilidade. E non deixa de ser curioso que unhas cámaras con máis do 60% dos parlamentarios imputados por delitos de corrupción digan agora que o déficit público/pedalada fiscal é un delito de responsabilidade. A corrupción toma o poder no Brasil.

Entón?

O presidente da cámara aceptou o pedimento de destitución porque o PT de Dilma votou que se investigasen a fondo as denuncias que pesan xusto contra ese presidente do Congreso de deputados, Eduardo Cunha. O dignísimo deputado, resalto que é un destacado evanxélico, está imputado en máis de seis casos de corrupción. Ten diñeiro en paraísos fiscais e aparece nos papeis de Panamá . É tal o absurdo que ese señor e a súa familia teñen coches de luxo en nome da empresa pantasma que el creou e que se chama Jesus.com. É dicir, o proceso está viciado desde o comezo.



E agora?

Houbo a votación no Congreso, un circo de horrores. Era tal o niveliño dos deputados que parecía unha taberna no sitio máis remoto do mundo. Non semellaba para nada un "xulgamento xusto" con motivos contra a corrupción, contra unha presidenta criminal. Foi tal o absurdo e tal é o ambiente de impunidade no meu país que ata a ditadura e o Golpe de 1964 foron homenaxeados polas súas señorías. Entón, pasado por esa cámara, o pedimento foi para o Senado, quen tamén aceptou a admisibilidade do proceso. O senado é máis do mesmo. Ninguén esperaba algo diferente dunha casa onde un dos relatores do proceso están metido en escuras relacións co tráfico de drogas.

Os deputados evanxélicos queren gobernar Brasil desde o fundamentalismo

Continúa na páxina 14

Ás Furtadelas

Joxe Arregi. Teólogo.

RESPONDE EUROPA...*

"Onde está o teu irmán, Europa?", pregúntache Deus ou a Vida Boa, como preguntou a Caín. **Escoita:** "O sangue de todos os mortos berra á túa porta, porque ti lla pechas. O sangue de máis de 7.000 no Mediterráneo nos dous últimos anos bérrame desde o fondo da terra e do mar. Onde están os 10.000 nenos que entraron nas túas fronteiras no último ano e desapareceron? Son os teus irmáns, e ti es o seu gardián. Na súa vida xógase o teu destino, o teu ser, a túa vida".

Non apeles á economía, ti tan xenerosa cos bancos en quebra.

Implacable, deportas refuxiados de Grecia a Turquía, declarado agora "país seguro" por decreto, a cambio de escuros amaños e transaccións. Nenos, mulleres e homes, seres humanos desamparados. Nin sequera te inmutas? Cres resolver o problema desviando a ruta dos que foxen e aumentando traxicamente o número dos afogados nas túas augas do sur? Non che importan os mortos, ou só che importan os teus?

Non te escudes en confusas e mezquinas distincións entre inmigrantes políticos e económicos, ou entre inmigrantes e refuxiados. Non apeles á economía, ti tan xenerosa cos bancos en quebra, ti que gastas en armas e exércitos 3.000 dólares ao día. Non invoques a seguridade, pois non poderás combater o terrorismo sen ter en conta as causas que o orixinaron ou os motivos que o alimentan. **Onde hai guerra hai fame, onde hai fame hai guerra ou ha de habela.** A fame é a peor guerra, o peor terrorismo. Están en guerra as túas empresas, as túas bolsas, os teus bancos, os teus especuladores, os teus paraísos fiscais e os teus ricos corruptos. Os que chegan de Afganistán, Iraq ou Siria piden asilo e pan. Os que chegan de Eritrea, Somalia, Nixeria, Senegal ou Libia piden pan e asilo. Lembra que fuches inmigrante e refuxiado dentro e fóra das túas propias fronteiras. Aceptases que che preguntasen o que eras? Ou crees que os fluxos diminuirán mentres non desaparezan a fame e a guerra? Non, non os poderás deter.

Responde da túa historia. **Responde das túas colonizacións**: a española, a francesa, a británica, a portuguesa, a belga, a alemá. Pediches permiso para invadir países? Quen conquistou e esquilmou África e trazou as súas fronteiras e provocou boa parte das súas guerras? Quen desestabilizou todo o Oriente Medio? **Responde das túas accións e omisións nas últimas décadas**. Ti es responsable, xunto cos EEUU, por acción ou por omisión, dos dramas de Afganistán, Iraq, Iemen, Siria, Libia, Sudán, Paquistán, Somalia, Malí... E da fuxida de 25 millóns de persoas. Mira de onde veñen e por que. Mira o seu rostro, mírate neles. Es corresponsable da súa traxedia, en moitos casos máis responsable ca ninguén. Non te deixes atafegar polo teu pasado, pero responde hoxe. Son os teus irmáns.

Todos comprendemos que a boa vontade non abonda, e que a planificación será necesaria para evitar o caos. Pero non mintas. **Os teus plans responden os teus intereses máis egoístas**: abres as túas fronteiras a inmigrantes ou refuxiados cando os necesitas e péchasllas cando non. Só queres gañar e non perder, ou repartir en esmola as migallas que che sobran. Esqueces que outros perderon para axudarche cando ti necesitabas? Esqueces o que fixeches perder a tantos países para gañar só ti? Esqueces con que, á conta de quen, construíches o teu benestar, a túa educación e sanidade gratuíta, o teu confort, as túas pensións? Esquecéndoo pretendes ofrecerte ao mundo como modelo de civilización? Ti que ocupaches e conquistaches continentes enteiros, exterminando as súas xentes e culturas, expoliando os seus bens, non aprendiches aínda que, a longo prazo, só podes gañar se gañamos todos?

Responde dos teus nobres principios -liberdade, igualdade, fraternidade-, das túas ciencias e saberes, das túas universidades e parlamentos, da túa democracia e os teus logros sociais, das túas Declaracións e prácticas pioneiras dos Dereitos Humanos.

Quen provocou boa parte das guerras?

Europa, non nos avergoñes de ser europeos. Non esquezas a túa historia, non te inhibas da túa responsabilidade, non ignores o teu próximo, non sexas desapiadada, non renegues dos teus fundamentos, non perdas a túa alma.

Europa, non te encerres, non mates, non morras.

**Obtido de http://ccp-gr.blogspot.com.es/2016/05/responde-europa-jose-arregui-teologo.html*



Fonte da fotografía: http://actualidad.rt.com

Do Tratado da Unión Europea:

Preámbulo: INSPIRÁNDOSE na herdanza cultural, relixiosa e humanista de Europa, a partir da cal se desenvolveron os valores universais dos dereitos inviolables e inalienables da persoa, así como a liberdade, a democracia, a igualdade e o Estado de Dereito...

2. A Unión fundaméntase nos valores de respecto da dignidade humana, liberdade, democracia, igualdade, Estado de Dereito e respecto dos dereitos humanos, incluídos os dereitos das persoas pertencentes a minorías. [...] non discriminación, a tolerancia, a xustiza, a solidariedade e a igualdade entre mulleres e homes.

3.1. A Unión ten como finalidade promover a paz[...]

3.5. [...] Contribuirá á paz, a seguridade, [...], a solidariedade e o respecto mutuo entre os pobos, [...] a erradicación da pobreza e a protección dos dereitos humanos, especialmente os dereitos do neno, así como ao estrito respecto e ao desenvolvemento do Dereito internacional, en particular o respecto dos principios da Carta das Nacións Unidas.

6.2. A Unión adherirase ao Convenio Europeo para a Protección dos Dereitos Humanos e das Liberdades Fundamentais.

Entrevista

Asociación Vaipolorío:Organización, dignidade e fermosura para un anaquiño do noso país

Redacción



O río dos Gafos parece pequeno, pero ten una historia grande, porque ten uns defensores decididos e valentes. Son menos de once quilómetros de curso, pasando por Figueirido (onde nace, na Boullosa) até desembocar no barrio das Corbaceiras, na ría de Pontevedra. Estamos diante dunha emocionante aventura de recuperación comunitaria e popular dun río que era un exemplo de abandono e vertedoiro de toda clase de lixo. Hoxe é un lugar modélico e declarado Espazo Natural de Interese Local, todo grazas ao traballo xeneroso de xente como Pablo Carro Sobral, membro fundador e da xunta directiva da asociación que protagoniza esta ilusionante iniciativa. Pablo, a quen entrevistamos aquí, estivo con nós na Festa do Lume deste 2016.

O noso entrevistado, Pablo Carro (á esquerda) traballando no río

Como nace logo esta pequena historia? Como estaba o río daquela e que reacción se produce?

Todo comeza pola iniciativa dun ourensán aveciñado preto do curso medio do río chamado Xosé Feixó e tamén a súa dona Rosalía, nos seus paseos frecuentes pola beira do río ollaban como estaba ateigado de lixo.

Vendo isto puxéronse en contacto coas asociacións de veciños e outros colectivos interesados na limpeza do río e puxémonos mans á obra.

Van aló quince anos e o río segue a ter lixo, pero o grupo de voluntarios que comezamos a obra, aínda que lixeiramente minguado no número de persoas, seguimos arre que arre.

E... montades unha organización do máis sólido, con quen, cantos, como fostes funcionando?

Pois comezamos nos xantares dos domingos do verán, de xuño a agosto, aproveitando a baixada do caudal para poder meterse no leito do río, nos primeiros anos (sete ou oito) chegamos a estar traballando cada xornada 50 ou 60 persoas; actualmente, despois de quince anos somos uns 15 ou 20, sen contar cos distintos colectivos que se sumaron a nós ao longo do tempo e sempre por unha soa xornada. Grupos de persoas ou colectivos coma os internos do cárcere da Lama (entre quince e vinte), rapaces internos do centro Avelino Montero (arredor dunha ducia), un grupo de alumnos discapacitados do colexio Xoán XXIII (tamén entre dez e doce) e algún que outro grupo que se achega a nós de cando en vez.

Ao comezo, facendo un escote, e ao rematar a xornada, sobre as 13:00 horas, degustabamos uns bocadillos todos xuntos e falabamos de como fora a xornada. Aquilo gustounos moito e a partir do segundo ou terceiro ano o que facemos é xantar xuntos por todo o alto.


La Voz de Pontevedra

El río Gafos, declarado Espacio Natural de Interés Local

Es el segundo ENIL del Concello, tras la Xunqueira de Alba

Na festa do lume diciádesnos que tampouco queriades caer nunha especie de fundamentalismo eccoloxista....en que sentido?

Efectivamente, cando se fala de Vaipolorío, sobre todo a prensa e os demais medios de comunicación, pónsenos a etiqueta de ecoloxistas, aínda que é certo que dentro do grupo temos persoas que senten con forza o

> chegamos a estar traballando cada xornada sesenta persoas

ecoloxismo, pero non todos, a maioría somos simplemente limpadores do río dos Gafos sen ir máis aló. En realidade o noso propósito é servir coma pequeno exemplo para que todos, ou polo menos nalgún recuncho do noso país, xurdan grupos coma o noso ou similares. De cando en vez sae nalgún medio de comunicación que en tal ou cal lugar xuntouse un grupo de xente e decidiuse a limpar un monte, un río, unha praia… Cando lemos ou escoitamos algo disto pensamos que dalgún xeito están a tomar o noso



Remate dun día de limpeza cun equipo de voluntarios

exemplo e, sen dúbida, sentímonos recompensados polo noso labor.

Por certo, impresiona a cantidade de publicacións e audiovisuais sobre o río e a súa historia, medio natural, etc... parece incrible que dea para tanto e non obstante...aí está

Efectivamente é algo sorprendente que un tema que parece insignificante dea para tanto. Despois de todo este río só ten 9 ou 10 km. de lonxitude e un caudal máis ben pequeniño, pero non cabe dúbida de que é un río coma calquera outro e que a súa flora e fauna é a mesma que a de calquera río outro río máis grande ou pequeno.

De todos os xeitos, o mérito é de todos estes traballos feitos ao redor do río e do equipo directivo que ten fortes inquedanzas e dedícalle moitas horas do seu tempo a buscar persoas, ou máis ben, personalidades ou intelectuais que fagan realidade eses marabillosos traballos que agora podemos gozar todos nós.

Temos que dicir que algúns deles son amigos e incluso se teñen ofrecido a facer traballos no eido da súa profesión ou coñecementos

Dálles algún bo consello a quen se atope cun anaquiño de planeta galego (río , lagoa, monte ou o que cadre) en estado lamentable e queira facer algo máis que lamentarse ....

Partindo de que o mellor consello é o exemplo, digo: Este país é noso, e ao dicir noso digo de todos nós, non dos políticos, non das administracións, senón de todos e cada un de nós, incluídos políticos e administracións naturalmente. Dicía Castelao algo así coma "Non virá de fóra o que nos amañe os problemas do noso país". Así mesmo, nós, os cidadáns de a pé, non podemos ou non debemos esperar que as distintas administarcións veñan facer estas pequenas cousas, porque coma no caso do río dos Gafos non o farán nunca.

> Non virá de fóra o que nos amañe os problemas do noso país

O único que poderíamos aconsellar ou mellor recomendar é que, cada un de nós (e estoume a referir a toda a poboación do noso país), empregue unha pequena parte do seu tempo (tempo de lecer) a algunha causa deste tipo e xa lle podemos asegurar que a satisfacción de logo de feito o traballo será a súa maior recompensa.



"O que queira troitas (ou o río limpo) que molle o cu"

Ven da páxina 9

Entrevista con Jakson Renner

Daniel Asorey



Entón quen goberna nestes momentos Brasil?

A persoa que acaba de asumir ilexitimamente a presidencia é Michel Temer. Este señor está inhabilitado para concorrer a calquera elección no país durante os próximos 8 anos. Onde se viu nomear presidente a unha persoa que non se pode presentar ás eleccións?

E cos seus ministros acontece o mesmo?

O problema é moi grave, imaxina que o seu corpo ministerial está formado por 24 homes. Si, son todos homes. O que é só un sinal do que podemos esperar. Hai un medio alternativo no Brasil, a *Mídia Ninja*, que fixo unha boa síntese dese novo goberno golpista: branco, hetero, machista, corrupto, racista, fascista e homofóbo!

Pero, se dixeches que o impeachment é contra a corrupción?

Iso é de risa. Dos 24 ministros que entran 7 estaban sendo investigados pola Lava Jato, unha grande operación anticorrupción. Eses homes de ben agora non serán máis imputados porque xa están protexidos, aforados como se di aquí. É dicir, no fondo o que os golpistas queren é protexéren-se uns aos outros.

COMEZA O RETROCESO EN DEREITOS

E a partir de agora, que vai pasar?

Retroceso! Nas primeiras 5 horas no poder o goberno interino eliminou os Ministerios da Cultura, das Comunicacións, das Mulleres, Igualdade racial e Dereitos humanos. É un retroceso de 30 anos. Tamén era de esperar. Eses 24 varóns van pensar en problemas como o feminicidio? Eses 24 homes brancos e ricos vanse preocupar polas que eles chaman de minorías raciais e sociais, cando en realidade somos a gran maioría do país? Os deputados evanxélicos que se comportan como un auténtico partido político levan anos intentando organizar a vida de Brasil dende un claro fundamentalismo relixioso. Os últimos avances como o matrimonio igualitario, a lei de protección ás mulleres maltratadas e determinados dereitos sexuais foron atacados belixerantemente por deputados evanxélicos que resultaron decisivos no apoio a este golpe. Un papel ben distinto tivo a igrexa católica, basta citar a figura de Leonardo Boff, que en todo este proceso estivo e está apoiando a presidenta Dilma. Sen contar que innumerables sacerdotes fixeron chamamentos para que o pobo saíse ás rúas en defensa da democracia.

> O PT empoderou o pobo: xa non se deixa escravizar por unha comida

Facebook: Brasilegoscontraogolpe

Entrevista completa en:
irimegos.wordpress.com



Deputación DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscricións@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml

Boa Nova



A CLAVE

En Corme o Santísimo Sacramento celébrase o último domingo de agosto. Sempre me resultou estraño aquel paseo da Custodia baixo palio polas rúas, as dobres xenuflexións, as alfombras de flores, o incenso na Praza do Pan, …

Como cambiou o simbolismo cristián!! O que Lucas representaba como un xantar no campo, compartindo pan e peixes, nun relato que prefigura a Eucaristía e onde cada detalle (por suposto os números!) ten tanto que nos dicir, nós convertémolo nunha custodia dourada baixo un palio.

En que momento da Historia perdemos a pista do Reino?

As nosas igrexas, no día de Corpus, sacan brillo aos seus tesouros: grandes custodias de ouro e pedras bonitas. O pasado 15 de maio bautizouse e confirmouse na miña parroquia Mónica, unha muller nixeriana cunha dura historia de sufrimento e resilencia, e penso que serei máis feliz, que sentirei á Igrexa máis divina, o día que vexa en procesión polas rúas, sentada nun trono ás moitas Mónicas que chegan cada día ao noso país; o día que sexamos quen de facer un xigantesco palio alfombrado de flores que abrigue e conduza a tantos refuxiados e refuxiadas que foxen de países arrasados pola fame e as guerras.

Que queredes?? A min o día de Corpus dáme por ser utópica!

Marisa de Corme

O ECO

Na miña parroquia esta é unha das lecturas favoritas na celebración das Primeiras Comuñóns. Ata os nenos decátanse de que Xesús non era un mago que sacase do sombreiro cestos de comida. E saben que cando hai unha necesidade o que nos toca é compartir. Se cada quen pon o seu pouquiño hai para todos e aínda sobra. Ben o comprobamos cada vez que nos xuntamos nun xantar e poñemos o que trae cada un na mesa: a miña tortilla, a túa empanada, o seu biscoito, etc., abonda para todos e todas, mesmo para quen chegou tarde e coas mans valeiras. O meirande milagre é deixar de pensar so en min, pasar do individualismo ao comunitario, ampliar a familia máis aló da casa.

E, falando disto, non sei se coñecedes a historia dun antropólogo que realizou unha proba cos nenos dunha tribo africana: preparou unha cesta chea de froita e díxolles que o que chegara primeiro gañaría toda a froita. Cando deu o sinal todos os nenos colléronse das mans, correron xuntos e despois sentaron xuntos a comer a froita. Cando el lles preguntou por que correran así, se un so podía gañar todas as froitas, respondéronlle: como un de nos podería ser feliz se todos os demais están tristes?

Olga Álvarez

A PALABRA

DOMINGO 29 DE MAIO. FESTIVIDADE DE CORPUS

A PALABRA. Lc 9, 11b-17

Naquel tempo, faláballe Xesús á xente do Reino de Deus e curaba a cantos o necesitaban. E como empezaba a caer o día, achegáronse os Doce e dixéronlle: «Despide a xente, para que vaian ás vilas e aldeas próximas en procura de sitio para se hospedaren e para que poidan tamén comprar algo que levar á boca, porque aquí estamos nun descampado.» Mais el replicoulles: «Dádelles vós de comer.» Eles contestaron: «Mais se non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes! A non ser que vaiamos nós mercar mantenza para toda esta xente.» Eran uns cinco mil homes. Mais el díxolles aos seus discípulos: «Colocádeos en grupos de cincuenta.» Dixéronllelo, e sentaron todos. El, colleu os cinco bolos e mais os dous peixes, ergueu a vista ao ceo, bendiciunos, partiunos e déullelos aos discípulos, para que llelos servisen á xente. Comeron todos a fartar, e coas sobras encheron aínda doce cestas.

Falando da lingua Esto no te tiene traza...

Lidia e Valentina



Este va escorrejar en la pocera...

- Furo y le meto 4 remaches y ya está amañado!

- Tanto tiene, Miguel, no me lo explique más, que total no lo doy entendido... No lo doy hecho...! No le doy traza...!! Ay, hoy voy llena de números...! Mi madriña, no voy dar dormido de noche...

- Y no te conté... Ayer llovió tanto que se hizo una lama en la eira que, mimá!, se te chantaban los pies. Y después hay que ir con cuidado para no escorrejar!

- Ay, yo ya pensara en contárselo hay unos días, cuando fue, pero de aquella yo no me sentía bien, entonces esperé...

- Y luego que te pasaba?

- Pues no sé, me cayera mal la comida. No sé si no estaría buena... Y para más, la hiciera en la pota grande... Tanto tiene, la que sobró, tiré con ella...

- Ponlo ahí delante tuya, para verlo mejor...

- Hugo, eres un porquito! Pues así no te voy coger en el colo...

- Le voy hacer un bocadillo con el pan reseso, es que no tengo otro... Lo comerá bien?

- Estar a chollar todo el día!

- Voy sacar tabaco! Voy ver si doy, en este modelo de máquinas nunca lo hiciera...

- Si lo haces así, no me va gustar nada...

- Está todo el día en la póla!

- No vayáis pensar que es siempre así..

- Ay, tu hermano que pavero es...

- Nunca nada le está bien como se lo hacen los otros...

- Ella siempre tiene que estar a fuchicar, no puede estar parada un poco...

- Ay, cuado yo estea allá, lo he de llamar.


- Queda alli espetada como si tragase un jarabullo!

...No es que hoy perdiéramos el rumbo o que toleáramos, es sólo que nos pusimos a escuchar, pusimos la oreja y... hubimos de abraiar... La señora de Palmírez del Luar de Gayoso aún había de llevar que hablar si oyera lo que nosotras estamos a oír... Y quien nos diera poder transcribirvos la fonética! Entonces si que era buena... No es que hoy os escribamos la "Lingua" en otro idioma, no, simplemente lo hacemos en la variedad dialectal del gallego que cada día utilizan más gallegos, tanto tiene que sean de Puenteareas, de Geve, de Sanjenjo, del Grove, del Carballino, de Rajó, de Seijo, de Rianjo, de Conjo, de Rojos... A lo mejor nos tenemos que ir ahaciendo...

O Fachineiro Foucellas

O fachineiro do teatro

O grupo Talía Teatro acaba de estrear *Foucellas*, un texto de Cándido Pazó que el mesmo dirixe e que recrea as últimas horas de Benigno Andrade, un dos máis destacados loitadores antifranquistas botados ao monte e que foi detido, torturado e asasinado no garrote do cárcere da Coruña. Como é habitual nos espectáculos de Pazó, a obra discorre a través dunha montaña rusa de emocións que leva o público dende momentos de máxima tensión ata o riso inesperado. Toño Casais, que parece o álter ego do propio Pazó, especialmente cando conta un conto tradicional , interpreta esplendidamente o guerrilleiro. Artur Trillo, María Ordóñez e Dani Trillo completan un traballo



magnífico. As reflexións que entre subida e baixada emocional se trasladan ao público están tinxidas polo abandono no que se viron os derradeiros soldados da República. O mesmo abandono que tivo que sufrir toda a poboación, cando as potencias internacionais decidiron apoiar a ditadura de Franco e afortalar o fascismo en España. "A derrota é o que nos define", pode oírse nun dos diálogos dun Foucellas consciente da situación. É imprescindible vela, e pode completarse coa lectura de *A vitoria do perdedor*, de Reigosa.

A.Q.